

EDICTO

REESTRUTURACIÓN PARCELARIA LAMAS-LOUREDA-SERGUDE-VIGO (BOQUEIXÓN – A CORUÑA)

XUNTA DE TITULARES

A zona de reestruturación parcelaria de Lamas-Loureda-Sergude-Vigo declarouse de utilidade pública no Decreto 4/2023, do 12 de xaneiro (DOG núm. 18 do 26.01.2023).

De conformidade do establecido no artigo 15.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, convócase a xunta de titulares da zona para que procedan a elixir os seus representantes e suplentes da xunta local de zona e do grupo auxiliar de traballo.

LUGAR: PAZO DE QUIÁN

DATA: 11 DE NOVEMBRO (Luns)

HORARIO: 11 horas



A efectos aclaratorios indícase que a xunta de titulares está integrada pola totalidade das persoas titulares dun dereito de propiedade ou de uso e gozo de carácter agrario de terras afectadas polo proceso de reestruturación, así como polas persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo dito proceso.

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña pon a disposición dos administrados un canle oficial de Whatsapp para poder seguir os avisos informativos sobre este proceso de reestruturación parcelaria.

<https://whatsapp.com/channel/0029Varb69L6xCSYFdlCQf2t>



Se desexan recibir estes avisos deben escanear o código QR, premer no botón "seguir" e activar "notificacións".

Estes avisos tamén se publican en internet, na páxina web da Consellería do Medio Rural, no seguinte enderezo:

<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/anuncios>